



Ven de publicarse ([BOE do 18 de setembro de 2015](#)) a convocatoria de probas para acceso á formación especializada para a obtención do título de Enfermeira Especialista (formación EIR). Deixamos aquí unhas pequenas anotacións sobre o procedemento de probas e formación EIR para o ano 2016. De estares interesada/o en participar nestas probas, pasa polos nosos locais sindicais e darémosche toda a información que precisas.

- Convócanse un total de **968 prazas** das 6 especialidades:

ENFERMARÍA SAÚDE MENTAL

183

ENFERMARÍA DO TRABALLO

14

ENFERMARÍA □ FAMILIAR E COMUNITARIA

278

ENFERMARÍA □ XERIÁTRICA

15

ENFERMARÍA □ OBSTETRICO-XINECOLÓXICA

366

ENFERMARÍA □ PEDIÁTRICA

112

- Destas 968 prazas, **54 ofértanse en centros sanitarios de Galiza**. E destas, 6 son da especialidade de Saúde Mental, 22 de Enfermaría Familiar e Comunitaria, 17 de Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona) e 9 da especialidade de Enfermaría Pediátrica.

- Calendario das probas selectivas:
- **Prazo de presentación de solicitudes: Do 21 ao 30 de setembro de 2015.**
- Relación provisional de admitidas/os: A partir do 16 de novembro de 2015.
- Relación definitiva de admitidas/os: A partir do 5 de xaneiro de 2016.
- **Data do exercicio: Sábado, día 6 de febreiro de 2016.**
- Exhibición do cadro de respostas correctas: A partir do 15 de febreiro de 2016.
- Prazo de reclamacións ás respostas correctas: Días 16, 17 e 18 de febreiro de 2016.
- Reunión das Comisións Cualificadoras para resolver as reclamacións presentadas: Día 1 de marzo de 2016.

- Relación provisional de resultados: A partir do 8 de marzo de 2016.
- Relación definitiva de resultados: A partir do día 30 de marzo de 2016.
- **Actos de asignación de prazas: A partir do 14 de abril de 2016.**
- **Prazo posesorio para incorporación: Días 26 e 27 de maio de 2016, ambos incluídos**

- **Adxudicación de prazas.** Aprobadas as relacións definitivas de resultados, emitirase resolución convocando por titulacións, ás/aos aspirantes seleccionadas/os de calquera quenda que superaran a puntuación mínima para que presenten solicitude de adxudicación de praza. Nesa resolución establecerase tamén, o prazo e demais circunstancias relativas á toma de posesión das persoas adxudicatarias de praza.

- **Solicitude:** Modelo 790, facilitado gratuitamente nas delegacións e subdelegacións do goberno. Tamén se pode cumprimentar e descargar desde o enderezo: <https://ips.redsara.es/IPSC/modelo790>

O prazo vai do 21 o 30 de setembro

- **Taxas:** O importe das taxas será de **29,89 euros** a ordinaria e de **14,95 euros** a bonificada (membros de familia numerosa de categoría xeral). Estarán **exentas de taxas**

as persoas cunha discapacidade superior ao 33%, desempregadas ou integrantes de familia numerosa de categoría especial. As taxas ingresaranse en calquera das entidades financeiras colaboradoras na xestión tributaria mediante a presentación das tres follas que integran o modelo 790 de solicitude.

- **Probas selectivas:** Consistirán na realización dun exercicio-cuestionario de preguntas de elección múltiple, e na valoración do expediente académico correspondente aos estudos universitarios de grao/licenciatura, e, no seu caso, a un título de doutor/a. A puntuación total individual que se recoñeza a cada participante nas probas, estará constituída pola suma da que obteña no exercicio de contestacións múltiples e da asignada, no seu caso, aos méritos académicos, que se acreditaran en tempo e forma, conforme ao baremo recollido na convocatoria.

- **Exame (6 de febreiro de 2016, 15:30h):** Consistirá na realización dun exercicio de **225 preguntas de elección múltiple máis dez de reserva**

, cuxa

duración será de cinco horas

. Só se considerará que superaron o exercicio de contestacións múltiples, aqueles aspirantes que obteñan unha valoración particular igual ou superior ao trinta e cinco por cento da media aritmética das dez mellores valoracións particulares do citado exercicio; a estes efectos só se terán en conta os números enteiros do resultado desta operación desprezándose os decimais.

Para máis información, pregunta nos locais da CIG-Saúde.